

GUÍA DOCENTE DE **ARQUIVÍSTICA E BIBLIOTECONOMÍA**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: ARQUIVÍSTICA E BIBLIOTECONOMÍA									
ESPECIALIDADE	Musicoloxía				ITINERARIO			Histórica	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:
ECTS/CUAD.		6							Observacións:

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Estudo dos principios, procedimentos e problemas vinculados ao almacenamento de documentos. Funcións da arquivística. A teoría das três idades. Biblioloxía. Normativa de clasificación documental.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T2, T3, T4, T5, T11, T16, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X4, X10, X11, X12, X14, X16, X17, X18, X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EM2, EM7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Identificar e recoñecer as tarefas propias organizativas dos arquivos e das bibliotecas actuais	Todas
Coñecer e valorar a historia e a función dos arquivos e das bibliotecas como institucións de xestión e conservación para a difusión do coñecemento	Todas
Clasificar os soportes e instrumentos de escritura e coñecer os materiais dunha biblioteca	Todas
Coñecer e aplicar as normas de catalogación musical españolas	Todas
Manexar a localización e o rexistro do material sonoro e documental da biblioteca do centro a través do programa MEIGA	Todas
Investigar unha das bibliotecas galegas e analizar a xestión da documentación e do seu uso público	Todas

4. CONTIDOS
Definición e conceptos da arquivística. Historia dos arquivos. Soportes documentais e instrumentos da escritura. Historia da catalogación en España. Regras de catalogación musical en España. Valoración e uso práctico.
Concepto de biblioteca. Tipoloxías. Os materiais da biblioteca. Organización e conservación. O repertorio musical nas bibliotecas españolas. Xestión de fondos e de préstamo no programa MEIGA.



5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición teórica	Presencial	Ao longo do cuadrimestre
Prácticas de catalogación	Presencial	Ao longo do cuadrimestre
Pescuda de información e exposición	Presencial	Ao longo do cuadrimestre
Actividades de avaliación	Presencial	Esporádica
Tutorías	Presencial	Esporádica
Traballo persoal	Non presencial	Ao longo do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación preferentemente será continua* e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, unha ordinaria e outra extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións na programación da disciplina.